



Comedor Escolar Municipal do Concello de Mugardos

O servizo de comedor escolar municipal é un servizo educativo, complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade, en especial entre homes e mulleres, e solidariedade.

Os **obxectivos** xerais do servizo de comedor escolar son:

1. Desenvolver e fomentar **hábitos alimentarios saudables** dende a escola, educar nutricionalmente, ensinar un comportamento social e ser centro de desenvolvemento de habilidades e de **convivencia**.
2. Cubrir unha parte importante das necesidades nutricionais dos nenos e nenas, proporcionando menús escolares saudables.
3. Proporcionar unha alimentación variada para garantir a inxestión suficiente e adecuada de nutrientes e enriquece-la capacidade de adaptación do neno/a ós **diferentes alimentos, sabores e texturas**.
4. **Educar á familia a través dos hábitos dietéticos adecuados** dos nenos/as e involucrala no programa do comedor escolar.

HORARIOS, LUGARES DE ENTRADA E SAÍDA DO ALUMNADO:

Entre as obrigas das familias dos usuarios e usuarias do comedor recollidas no regulamento están:

2. Deberán recoller aos/as alumnos/as á saída de comedor na quenda que lles corresponda. O incumprimento desta obriga determinará, previa comunicación telefónica por tres veces e unha por escrito, que o/a encargados/a do comedor o poña en coñecemento do Concello de Mugardos por si se trata dunha situación irregular ou de abandono, para adoptar as medidas que legalmente resulten procedentes.

3. Non poderán recoller aos/as alumnos/as fora do horario de saída establecido (15.15 h. ou 16.00 h.), no portal de corredera (Avda Francisco Yáñez Badía)

O horario do servizo de almorzo é de 7,30 a 9.00 h, podendo entrar ata as 8,15 h., hora na que o portal da R/ Os Casás, péchase por razón de seguridade.

O alumnado que entre ao almorzo ha de estar acompañado por unha persoa adulta ata que a/o monitor se faga cargo del. O persoal e o servizo de comedor non se fan responsables do alumnado se non se cumpren estas normas.

FALTAS DE ASISTENCIA NON XUSTIFICADAS:

Cada mes hai un número importante de xantares e almorzos que se pagan sen ser consumidos. Lembramos que si se solicita a modalidade de mes completo se encarga o servizo todos os días.

En breve as **faltas de asistencia non xustificadas** ao comedor poderán dar lugar á **baixa no servizo**. Informamos que o prezo que aboa o Concello de Mugardos por cada menú de xantar é de 6,60 €, e 2,36 € polo almorzo mais o persoal segundo a ratio establacida.

Reiteramos que **para anular menús de almorzo e/ou xantar ou establecer o día de inicio no servizo as familias poden dirixirse a info@alimentacionsaludablegallega.com, ata as 9:30 h. para anular o servizo de xantar e ata as 19.00 para o almorzo do día seguinte. O teléfono 630 363 844 empregárase únicamente para emerxencias.**

NORMAS DE CONVIVENCIA E RESPECTO:

As **fallas de respecto** ao persoal docente e non docente do centro educativo e o persoal do servizo tanto por parte do alumnado como por parte das familias **son intolerables** e están consideradas como falta grave. Supoñen un claro exemplo de inadaptación da familia ao servizo e serán causa de baixa no mesmo.

Así pois lembramos a importancia de respectar e facer cumprir as normas de convivencia e as normas do servizo polo ben de todos e todas nós.